

QUE É O EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (ENL)?

A Consellería de Educación estipulou que para que os alumnos/as dominen a lingua galega ao mesmo nivel cá castelá se creasen en todos os centros de ensino de Galicia Equipos de Normalización Lingüística. Estes equipos forman parte da estrutura administrativa, docente e didáctica do colexio. É un órgano consultivo e dinamizador do centro para os eidos lingüístico e cultural.

QUEN O INTEGRA?

O ENL está composto por mestres/as e profesores/as dos distintos niveis, por alumnos/as (cando a idade o permite) e por representantes do persoal non docente.

QUE FUNCIÓNS DESENVOLVE O ENL?

A súa función primordial é conseguir que os alumnos poidan chegar a ser competentes na lingua galega e a usala digna e normalmente. Entre os seus fins está lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

UN MUNDO MULTILINGÜE

Así como se procura conservar a diversidade dos seres vivos e o patrimonio artístico e paisaxístico da humanidade, desde unha perspectiva de ecoloxía das linguas tamén se tenta protexer a rica variedade lingüística planetaria. A diversidade cultural do noso planeta exprésase cunha realidade multilingüe. E isto, segundo a ONU, constitúe un patrimonio común que é vital protexer e potenciar.

CAMPAÑA A PROL DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA



Idea orixinal: Equipo de NL do Colexio San Narciso de Marín
Edición e coordinación: Comisión de Normalización Lingüística de FERRECECA Galicia (Federación Española de Religiosos do Ensino - Centros Católicos)
Impresión: Ofelmaga / D.L.-C-----2006 / Deseño-TallerDD (Nirña, Riveiro, Martínez)



FERRECECA - CEGA
Federación de Centros EDUCACIÓN e XESTIÓN
GALICIA



Subvencionado por:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

QUE ATOPE O TESOURO DEPENDE DE TI!

Usar con soltura e normalidade a nosa lingua é facer uso dun valioso tesouro que debemos e podemos transmitir.

A QUEN VAI DIRIXIDO ESTE FOLLETO?

O presente tríptico foi ideado para achegarvos a vós, pais e nais, a necesidade de abordar colectivamente a mellora da formación lingüística dos nosos alumnos/as.

POR QUE NOS DIRIXIMOS A VÓS?

Porque queremos pedir a vosa colaboración para dotar os nosos alumnos/as das ferramentas que lles van permitir integrarse na sociedade do futuro. Nun mundo fortemente competitivo onde os idiomas van ser básicos para abrirse camiño na vida, temos que ser conscientes todos nós de que non nos podemos permitir o luxo de desprezar ningunha das nosas potencialidades lingüísticas. Neste sentido, a lingua galega é o noso patrimonio distintivo, o noso tesouro.

AS VANTAXES DE MEDRAR CO GALEGO

Como docentes, consideramos que conseguir que os nosos alumnos saiban desenvolverse tan ben en galego coma en castelán aportaralles moitos beneficios para o seu futuro.

VANTAXES NO EIDO EDUCATIVO

A aprendizaxe bilingüe dos nenos/as favorece e facilita a aprendizaxe posterior doutras linguas. Os nenos/as bilingües teñen unha base fonética e gramatical máis ampla que os axuda no acceso a outros idiomas.

VANTAXES NO EIDO SOCIAL

O futuro dos nosos fillos/as pasa pola necesaria competencia nas dúas linguas para desenvolverse con plenitude en oposicións, estudos universitarios, traballos de investigación, creatividade, cultura, etc. Para integrarse nunha sociedade na que o galego vai a máis, saber galego convértese nun requisito social, administrativo, laboral e cultural.

VANTAXES NO EIDO ECONÓMICO

Unha lingua tamén constitúe un mercado que defende os seus falantes. No mundo da globalización económica, o termos unha lingua diferenciada anima os operadores económicos globais (empresas, multinacionais...) con presenza en Galicia a contratar galegos/as.

VANTAXES NO MUNDO DE FALA PORTUGUESA

Dentro da Unión Europea, Galicia e mais a rexión do norte de Portugal constitúen unha gran bisbarra económica cada vez máis integrada, con mutuos investimentos e oportunidades. A lingua galega é básica para coñecer a portuguesa, con máis de 200 millóns de falantes en todo o mundo. Empresas españolas instaladas en Portugal dan prioridade á contratación de traballadores galegos para o mercado portugués. E o Ministerio de Saúde portugués contrata preferentemente enfermeiros e médicos galegos.

VANTAXES NO SEO DA UNIÓN EUROPEA

Europa é unha realidade multilingüe, con múltiples países con linguas con maior ou menor número de falantes. Todos os países defenden a súa peculiaridade lingüística como signo de identidade. Ningún país que se prece quere perder a súa lingua. A UE legisla para preservar esta variedade lingüística.